

PE 2020/42 – 27 de marzo de 2020

A toda a Provincia, xesuítas e colaboradores

Queridos amigos e amigas no Señor:

No mes de febreiro de 2020, ninguén podía ter previsto nin imaxinado que unha pandemia así nos afectaría tanto. As posibilidades de que ocorrese eran remotas e aseméllase ao optimismo nos anos antes a 2008, cando xa os expertos avisaban de riscos aos que non se fixo caso. Desde hai case xa dúas semanas, fomos entrando nesta espiral. Cando me levanto, noto que cambiaron totalmente as miñas rutinas e atópome do revés. Xa non teño visitas ás comunidades ou obras, nin saídas fóra da casa, nin paseos pola cidade. Supoño que a todos nos pasa exactamente o mesmo e tratamos de levalo o mellor posíbel e civicamente. E con noticias directas de que hai contornas onde se está chegando a puntos dramáticos e de forte debilidade.

Quixera expresar a toda a familia ignaciana, coas súas diferentes formas de relación e vinculación, a cada persoa que se achega ás nosas obras apostólicas, sociais ou educativas, a todo o persoal e aos meus irmáns xesuítas, que estamos chamados a recoller as experiencias que imos vivindo desde o agradecemento por tanta xenerosidade ante os diferentes efectos perniciosos do COVID. Tanto a espiritualidade ignaciana como a visión universal á que se nos convida poden darnos sentido nestes momentos.

O primeiro que vos quero dicir é moi sinxelo: grazas. Nestes momentos onde se sucederon informacións en escala cada vez máis preocupante en España e no mundo, activáronse formas de comunicación telemática entre nós. En cada mensaxe ou cada chamada hai un interese xenuíno por outras persoas, polas súas familias, pola saúde dos que están na “fronte” sanitaria ou estratéxica, pola continuación das actividades de forma dixital... A colaboración foi máxima e aparece un sentimento natural de fraternidade, solidariedade e compaixón natural ante a dor, especialmente, dos que sofren directamente esta enfermidade ou que ata partiron cara a Deus de forma brusca e solitaria. Grazas por mantérmonos en contacto dentro das diferentes obras, plataformas e sectores, grazas por atender chamadas solidarias, grazas por innovar no modo de coidado do alumnado, das persoas migrantes, das persoas maiores, dos nenos e adolescentes en acollemento residencial e de tantas persoas que contan con tempo e teñen sede de Deus e de Xesucristo. Grazas porque aí atopamos o corazón do que somos. É o eco da petición de Ignacio de Loiola para estes tempos: *“coñecemento interno de tanto ben recibido (ata no medio de contradicións), para que enteiramente recoñecendo, poida eu en todo amar e servir á súa divina maxestade”* (Ex. 233).

Desde esa visión profunda, estamos, como laicos ou laicas e como xesuítas, chamados a volver a aquilo que fundamenta as nosas vidas. Entre antigos alumnos, alumnado actual, familias, voluntarios e todo o persoal atopámonos paralizados por fóra, quizais, mais non por dentro. É agora cando se pode amosar a nosa alma ignaciana que impulsa cada unha das actividades que facemos polo ben común, uns na sanidade, outros en subministración, outros en produción, outros na espera solidaria, no estudo e a investigación, na educación, na axuda puntual, na oración silenciosa e imperceptíbel ou

na eucaristía que nos segue unindo na distancia. O “principio e fundamento” establécese sobre a contemplación como seres amados por Deus, con todo o que somos e temos, desde a nosa limitación sempre humana e real, agora ferida por un diminuto e imperceptíbel virus. Ese sólido alicerce pódese fortalecer estes días no silencio, en ver “como Deus me mira” (Ex. 75) sen me xulgar senón chamándome a artellar a liberdade. Por iso, é preciso agora coidarnos, preocuparnos, transcendernos e facernos responsábeis na medida das nosas forzas. Todo isto é a clave ignaciana que nos une e na que agora nos toca afondar e progresar para o ben do mundo.

Finalmente, todo o vivido ou aprendido en contornas xesuíticas lévanos a ampliar a mirada e a facela universal. Nas nosas sociedades instalouse o medo ao estraño e ideáronse diferentes formas de barreiras para territorios, para culturas, para sistemas... Quizais necesitamos incluír, entre as prioridades diarias, aprender a construír unha dinámica máis internacionalista e menos afectada de localismos encerrados no seguro. Agora os estados nacionais están saíndo ao paso da crise. Cando toque a países con menos vertebración política e económica, probabelmente o drama acrecentarase moito máis. Para solucionalo só o concerto aberto e solidario entre todos e todas pode organizar accións globais máis xustas e responsábeis. As ideas do pasado baseadas en fortalecer as organizacións internacionais levan anos de debilitamento que provocou unha tensión maior entre potencias e unha inseguridade maior a escala mundial, que fai dano aos máis pobres. O discernimento pode ofrecer un talante aberto e que explore fórmulas novas, superando o estatismo pechado en si mesmo. A cada un tócalle dar o pouco que ten, como a viúva que observou Xesús no templo, imaxe plena de quen sae de si mesmo (Lc 21, 1-4).

Aínda que é pronto para saber que pasará, achéganse tempos complicados polo parón económico, polo efecto dominó próximo, polo máis que posíbel aumento do desemprego e pola lentitude das medidas en tódolos campos desde o político ao social. As persoas máis afectadas, por todo iso, deben estar na nosa mirada, no noso corazón e na nosa acción futura. Cando empecemos a remontar, serán elas as máis danadas e ás que deberemos acompañar en liña coa opción 5 do Proxecto Apostólico de Provincia.

Para o mundo, é un terreo inexplorado. Precisamente debido a iso, desde diversas claves ignacianas como o exame, o discernimento en común ou o traballo en equipo coordinado, poderemos ofrecer unha lectura crente. Termino con esta invitación do P. Xeneral, Arturo Sosa, a unha oración máis universal e comprometida: “Únome á oración de todo o corpo da Compañía de Xesús, da Igrexa Católica, das igrexas cristiás, doutras relixións e crenzas como de todos o que coa súa actitude solidaria buscan e atopan modos apropiados de seguir botando unha man”. Como mundo dorido en momentos de incerteza, oxalá sintamos máis de preto a humanidade e, por medio dela, o mesmo Deus de Xesús.

Unha aperta a todos



Antonio J. España Sánchez, S.J.

Provincial de España